

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA,
ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA E O CONCELLO DE A ESTRADA PARA A
CELEBRACIÓN DA RAPA DAS BESTAS DE SABUCEDO 2016**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente da Axencia Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizar co Concello da Estrada o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto**:

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e o concello de A Estrada para a o apoio á celebración da Rapa das Bestas de Sabucedo 2016, por considerar este evento como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia.

A categoría e relevancia acadada por este celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país impulsando así a mellora económica do sector.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- O concello da Estrada, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ten competencias en materia de turismo, realizando para iso diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da Rapa das Bestas de Sabucedo 2016.

A Rapa das Bestas é unha festa cultural e turística que se celebra anualmente na parroquia de Sabucedo. A celebración consiste en recoller os cabalos do monte, metelos no curro, cortarlles as crins e marcalos para logo devolvelos ao monte.

Polas súas singulares características e capacidade de atracción de visitantes esta foi declarada no ano 2007 Festa de Interese Turístico Internacional.

Segundo.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

No exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Terceiro.- Dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia, e coa sinatura deste convenio comprométese a colaborar economicamente no desenvolvemento da Festa da Rapa das Bestas de Sabucedo.

Cuarto.- A Festa da Rapa das Bestas de Sabucedo converteuse nunha referencia imprescindible e nunha cita ineludible no calendario de festas da comunidade autónoma galega, sendo o concello de A Estrada a entidade organizadora.

.Quinto.- A través deste convenio, outórgase ao Concello da Estrada unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos